

## COMUNICADO DE PRENSA DA MESA GALEGA DA PSICOLOXÍA CLÍNICA

### **A Consellería de Sanidade arrisca un proxecto de investigación europeo en telemedicina**

En recentes declaracións publicadas en medios de comunicación por un representante da Consellería de Sanidade díxose que se estaba a poñer en marcha na sanidade galega unha estratexia para tratar “a distancia” a persoas con depresión usando tecnoloxías da comunicación, entre elas a videoconferencia, e baseándose en médicos de atención primaria que terían como referentes a especialistas en psiquiatría para asesoralos na aplicación de técnicas terapéuticas desenvolvidas pola Psicoloxía dentro do que se chama modelo cognitivo-conductual.

O responsable de saúde mental da Consellería declarou que isto é un novo tratamento, aínda que tamén sinalou que é un proxecto asistencial piloto no que os médicos de Atención Primaria participarían de forma voluntaria. Pero nada di de como se respectarán os dereitos dos pacientes, que obrigatoriamente deben ser informados do carácter experimental do tratamento, dos seus riscos potenciais, do seu dereito a recibir a prestación dos tratamentos xa coñecidos e en aplicación na actualidade, así como da posibilidade de retirarse dese estudo cando o desexen sen sufrir prexuízo algún. É inexcusable o consentimento informado do paciente para ser incluídos nesa investigación.

Estamos a falar do proxecto denominado “Mastermind” do que a propia Consellería informa na súa web, aínda que sen facer o esforzo de tradución desde o inglés á nosa lingua.

[http://www.sergas.es/MostrarContidos\\_N3\\_T01.aspx?IdPaxina=70057](http://www.sergas.es/MostrarContidos_N3_T01.aspx?IdPaxina=70057)

É este un proxecto que se atopa en fase de “recrutamento” de pacientes coa finalidade de avaliar a eficacia da aplicación da telemedicina a trastornos depresivos (de calquera gravidade e non só os leves, como mal informa o voceiro da Consellería).

Este proxecto de indubidable interese está sostido por un consorcio formado por 23 entidades de carácter diverso (públicas, privadas, de saúde, de investigación, universitarias, tecnolóxicas) procedentes de 11 países europeos, e sostense financeiramente con fondos da Unión Europea enmarcados no “**Programa para a competitividade das empresas**”. É así que un dos socios, o País Vasco, enmárcao no “Cuaderno Estratégico I+D+i Vasca en Europa”.

A Consellería de Sanidade xa se tiña que ter incorporado achegando 200 pacientes e 4 profesionais, e a día de hoxe debería ter xa en aplicación o método e contribuír así á recollida de datos para a avaliación que se pretende. Ese era o seu compromiso cos demais socios.

Unha técnica, tratamento ou procedemento en proceso de avaliación non pode ser presentado como tratamento, xa sexa alternativo ou complementario e moito menos como novo, xa que aínda non se sabe dos seus efectos, custes, complicacións e riscos. Nestes temas a prudencia na publicidade a darlle cando se está nesta fase da investigación é fundamental xa que, como se sinala nas mesmas bases do proxecto, un dos seus cinco determinantes para a

súa implementación é a **aceptabilidade** (tanto dos pacientes como dos profesionais). Esa aceptabilidade só se produce se os profesionais e pacientes perciben que da súa cooperación non se fai unha utilización cuestionable por parte do promotor da investigación (xa sexa económica, persoal, ou política).

En 2017 deberán presentarse resultados. Un Comité Científico vela porque os diferentes socios (entre eles a nosa Consellería) se atean ao proxecto.

É sen dúbida un proxecto interesante que deberá darnos información e experiencia sobre a eficacia, o custe, a calidade e a seguridade da telemedicina aplicada na atención a trastornos psíquicos utilizando, neste caso, un tipo determinado de técnicas terapéuticas psicolóxicas.

Se isto é así, ¿por qué o representante da Consellería informou desa maneira? Valoramos que foi porque a Consellería quere dar a impresión de que está a facer algo neste eido, porque o certo é que a atención á saúde mental en Galicia desde hai anos está abandonada, os recursos están a reducirse e deteriorarse, a coordinación é nula porque se carece de Plan Estratéxico de Saúde Mental, incrementáronse de forma grave as taxas de suicidio sen implantar ningunha das recomendacións preventivas da OMS, e non se fixo nada novo na atención á depresión cando a mesma Consellería a situou entre un dos problemas de saúde mais graves e prioritarios en Galicia.

Con esta acción informativa realizada pola Consellería só se está a facer propaganda electoral. É unha conduta impropia dunha administración pública sanitaria. Pero é mais grave aínda que se estea a facer ó prezo de comprometer a viabilidade do proxecto de investigación e o noso prestixio ante os demais integrantes dos diversos países que forman o consorcio investigador.

A Consellería avergóñanos ante outros centros investigadores por esta forma de utilizar politicamente unha información sobre investigación que, polo seu propio carácter e por carecer de resultados que presentar, require prudencia, discreción e exactitude dos datos que se proporcionen á sociedade a través dos medios de comunicación.

A Mesa Galega da Psicoloxía Clínica esixe o rigoroso respecto aos dereitos dos usuarios, seguirá esta cuestión con atención, e fará chegar ás instancias multinacionais coordinadoras do proxecto esta información e valoracións para que, co seu mellor criterio adopten as medidas que consideren oportunas para reducir o risco de fracaso da citada investigación na nosa Comunidade.

En Santiago a 14 de abril de 2015

**MESA GALEGA DA PSICOLOXÍA CLÍNICA**